

Galicia Encantada



ANIVERSARIO
2005 * 2025
Enciclopedia de Fantasia Popular de Galicia

Fauna

CATEGORÍAS RELACIONADAS

[Conto] Os dous raposos

Era un raposo que tiña un fillo case acabado de nacer. Unha mañá de néboa o pai díxolle ó fillo:

Imos ás galiñas?

Non, non imos que vai vir o can dixo o fillo.

Non vén; non ves que boto as cartas respondeu o pai.

Despois disto decidiron coller o camiño. De súpeto apareceu o can e o fillo díxolle ó pai:

Papá, bota as cartas.

E sen máis pensalo o pai contestoulle:

Deixa as cartas e salta as matas, que en tempo de apuro non valen as cartas!

Recompiladora: Estefanía Quiroga Somoza, alumna de 3º de ESO no IES Xograr Afonso Gómez de Sarria (Lugo), curso 2005-2006.

Informante: Lito Somoza (65 anos).

Lugar e data de recollida: Suñide, Samos (Lugo), maio de 2006.

Texto elaborado por Adela López López, alumna de 3º de ESO no IES Xograr Afonso Gómez de Sarria (Lugo), curso 2005-2006.